Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia
Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n
15707 - Santiago de Compostela



**MEMORIA SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA.**

A Consellería de Cultura e Turismo está a tramitar o anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Nesta memoria faise unha análise do tratamento que se lle deu as achegas practicadas durante os trámites de consulta pública, pero tamén nos informes emitidos polos distintos órganos requiridos para tal efecto.

## 1. TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA

No marco da tramitación das disposicións de carácter xeral, con carácter previo ao inicio da tramitación fíxose unha consulta pública no portal de transparencia, de acordo co previsto no artigo 133 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A consulta levouse a cabo entre o 24/04/2019 e o 08/05/2019, coa finalidade de que calquera persoa ou entidade interesada neste proxecto normativo puidese anticipar cantas suxestións estimase pertinentes. Con todo, non se recibiu ningunha achega neste trámite.

## 2. TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA DE NORMATIVA EN TRAMITACIÓN

Logo da aprobación do anteproxecto de lei por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16/05/2019, o texto do anteproxecto foi sometido a unha consulta pública de normativa en tramitación (portal de transparencia) entre o 10/07/2019 e o 01/08/2019, a fin de facilitar as alegacións e achegas das persoas, entidades e colectivos directamente afectados pola norma de referencia, alegacións coas que se persegue a mellora do texto, así como a consecución dunha norma máis consensuada. Durante este trámite realizaron achegas as seguintes persoas/entidades:



CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Víctor J. Barbeito Pose (responsable técnico do do Centro Arqueolóxico do Barbanza)

- Manuel Ángel Vidal Lojo (Sala-Museo Municipal de Ribeira)

- Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)

A continuación descríbese brevemente o tratamento que se lle deu ás suxestións presentadas, logo do seu estudo:

- As suxestións presentadas por Víctor J. Barbeito Pose (responsable técnico do Centro Arqueolóxico do Barbanza) e por Manuel Ángel Vidal Lojo (Sala-Museo Municipal de Ribeira), coinciden en alegar a falta dun estudo previo á redacción do anteproxecto, no que se analice o sector e os seus problemas. Da mesma maneira botan en falta que a Consellería non contactase de ningún xeito con axentes deste ámbito de actividade para orientar a redacción deste proxecto normativo.

  A este respecto debe indicarse que á hora de redactar o texto que se someteu a tramitación, tívose en conta numerosa documentación xerada ao longo do tempo, especialmente 2008 e 2011, na que se analizaba o sector museístico baixo a perspectiva da necesaria redacción dunha lei que regulase aquel por vez primeira na nosa Comunidade Autónoma.

  A maior abastanza, a Consellería de Cultura e Turismo quixo revisar as necesidades actuais deste sector e implicar na redacción do futuro texto legal a axentes de diversa natureza, tanto públicos como privados, directamente relacionados co ámbito material obxecto desta norma. Para tal efecto, con carácter previo á redacción final do texto que iniciou a tramitación oficial, no mes de marzo de 2019 púxose en marcha un grupo de traballo no que participaron ó redor de 30 persoas procedentes de ámbitos diversos; concretamente invitouse a participar neste grupo de traballo aos seguintes órganos, centros e entidades, todos eles do sector museístico:

| DENOMINACIÓN |
|---|
| Consellería de Cultura e Turismo |
| Centro Galego de Arte Contemporánea |
| Casa Museo da Fundación Camilo José Cela |
| Museo Centro Gaiás – Fundación Cidade da Cultura de Galicia |



CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia
Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n
15707 - Santiago de Compostela



| |
|---|
| Museo das Peregrinacións e de Santiago |
| Museo de Belas Artes |
| Museo Monográfico do Castro de Viladonga |
| Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense |
| Museo Etnolóxico de Ribadavia |
| Museo Massó |
| Museo do Mar de Galicia |
| Museo Catedralicio de Santiago de Compostela |
| Casa Museo Rosalía de Castro |
| Museo Casa da Troya |
| Museo do Pobo galego |
| Museo da Construción Naval de Ferrol |
| Casa Museo Valle-Inclán |
| Museo do Humor de Fene |
| Casa Museo Emilia Pardo Bazán |
| Museo Nacional de Ciencia y Tecnología (MUNCYT) |
| Museo Historia Natural “Luis Iglesias” |
| CASA DAS CIENCIAS - DOMUS |
| Domus - Casa del Hombre |
| Fundación Pedro Barrié de la Maza |
| Museo Marco de Vigo |
| Museo diocesano e catedralicio de Lugo |
| Museo Provincial de Lugo |
| Casa Museo Álvaro Cunqueiro |
| Domus Mitreu |
| Museo Catedralicio de Ourense |
| Museo Etnográfico da Limia |
| Museo Municipal de Ourense |
| Casa Museo Otero Pedrayo |
| Fundación Vicente Risco |
| Casa dos Poetas - Fundación Curros Enríquez |
| Museo Catedralicio de Tui |
| Museo Diocesano de Tui |



CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| |
|---|
| Colección Casa do Patrón |
| Museo Anfaco da Industria Conserveira |
| Casa de Navegación |
| Casa Museo Valle-Inclán |
| Museo da Historia de Valga |
| Museo Provincial de Pontevedra |
| Museo Municipal “Quiñones de León” |
| Afundación |
| Amigos dos Museos de Galicia |
| MUPEGA |

En todo caso, debemos aclarar que para a selección dos centros museísticos que participaron neste grupo, acudiuse ao censo de centros que xestiona a Consellería de Cultura e Turismo. Neste senso, debemos aclarar que a “Sala-Museo Municipal de Ribeira”, cuxo representante formula achegas a este proxecto, non está autorizado polo Consello da Xunta como colección visitable, tal como el manifesta, e non figura, en consecuencia, no censo da Consellería.

O grupo de traballo que se constituíu con motivo da redacción do texto da lei reuniuse varias veces para debater e propoñer os contidos e a redacción da norma. A actividade deste grupo seguramente vén xustificar a ausencia dun maior número de suxestións ao anteproxecto durante os trámites de consulta pública que quedan identificados anteriormente. Ao mesmo tempo tamén xustifica que o trámite de información pública se realizase dende o portal de transparencia, sen necesidade de publicalo no DOG (extremo este que, por outra banda, tampouco vén imposto pola nosa normativa sectorial).

- As suxestións presentadas por Víctor J. Barbeito Pose e por Manuel Ángel Vidal Lojo coinciden igualmente na crítica que se realiza ao artigo 22, sobre incompatibilidades. Consideran que a previsión do anteproxecto de lei supón un conflito competencial por entrar a regular unha cuestión que é competencia exclusiva do Estado e, por outra banda, entenden que, na práctica, o artigo 22 mingua a única forma de promoción profesional que teñen os traballadores do ámbito público local.

CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia
Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n
15707 - Santiago de Compostela



Neste senso, debe manifestarse que precisamente o que persegue o artigo 22 do anteproxecto de lei é lembrarlle aos empregados das Administracións Públicas, incluídos os do sector museístico, tamén os da Administración local, que están sometidos ao ditado da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Aínda que a Lei de Museos e outros centros museísticos de Galicia non recollese nada respecto desta cuestión, o réxime de incompatibilidades da Lei 53/1984, do 26 de decembro aplicarase igualmente. En calquera caso, para reforzar máis esta idea, ademais de reformular a redacción en sentido positivo, engádeselle ao artigo 22 do anteproxecto unha referencia expresa ao réxime previsto na antedita lei, polo que entendemos que queda máis completa e clara a redacción deste precepto.

- Outras achegas realizadas tanto por Miguel Ángel Vidal Lojo (en representación da "Sala-Museo Municipal de Ribeira"), como por Víctor Barbeito Pose (como responsable técnico do centro Arqueolóxico do Barbanza) non foron tidas en conta dado que, ou ben se refiren a aspectos que son propios do posterior desenvolvemento regulamentario, pero non desta lei (tal é o caso dos horarios de apertura ou a gratuidade do acceso en determinadas datas, por exemplo) ou ben están realizadas sobre a base dunha previa confusión conceptual (por exemplo, cando o Sr. Barbeito manifesta que con este borrador non cabe a asignación de depósitos en centros de titularidade non autonómica, alegación que vén confundir as asignacións cos depósitos). O que non permite a lei son asignacións de bens da súa titularidade en museos que non sexan da súa titularidade, pero si permite a realización de depósitos en institucións alleas.

- Respecto ás achegas que formula a entidade COGAMI, en esencia xiran todas elas en torno a tres ideas básicas e fundamentais, como son a accesibilidade universal, a igualdade e a non discriminación das persoas con discapacidade.

  Aínda que o anteproxecto xa recollía, tanto na parte expositiva como no articulado, principios básicos de accesibilidade e igualdade no acceso á cultura, reforzouse a súa presenza no texto do anteproxecto de lei, tanto na exposición de motivos, como nalgúns artigos.

  En todo caso, esta norma nace cunha vocación universal de chegar a todas as persoas e



CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

colectivos, de aí que cando se invocan os principios da accesibilidade universal ou da igualdade, non se alude só ao colectivo da discapacidade, senón en xeral aos colectivos máis desfavorecidos ou con maiores dificultades de inclusión social, concepto este que, ademais da discapacidade nas súas diversas manifestacións, inclúe mulleres vítimas de violencia de xénero, inmigrantes ou emigrantes retornados, persoas pertencentes a minorías étnicas..., en definitiva, calquera dos colectivos regulados pola Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Ademais de reforzar estes principios na parte expositiva do anteproxecto de lei, fíxose o mesmo en determinados preceptos como o 13, o 42 ou o 44.

Outros aspectos propostos por COGAMI, entre eles, os contidos específicos do Rexistro xeral de Centros Museísticos son máis propios dun desenvolvemento regulamentario que dun texto legal.

## 3. INFORMES EMITIDOS

O anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia foi sometido ao informe dos seguintes órganos:

- Secretaría Xeral da Igualdade.
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
- Dirección Xeral da Función Pública.

Todos os informes emitidos son favorables. Con todo, o emitido pola Secretaría Xeral da Igualdade fai consideracións e propostas que foron incorporadas ao texto do anteproxecto de lei.

## 4. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS ÁS DISTINTAS CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA

Someteuse o texto do anteproxecto a un trámite de alegacións por parte das distintas Consellerías da Xunta de Galicia.



CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional fixo unha proposta de modificación da disposición adicional segunda do anteproxecto, disposición que regulaba o réxime do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA).

Nesta disposición mantense a dependencia do MUPEGA da consellería competente en materia de educación e mantense igualmente a vixencia do que, para este centro, prevé o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o MUPEGA.

No seu escrito de alegacións, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional propón incorporar tamén a esta disposición as "colección museísticas ubicadas nos centros educativos".

Neste senso, debemos manifestar que, efectivamente, nalgúns centros educativos existen certas colección de tipo científico e/ou educativo; porén, só unha delas ten o recoñecemento de colección visitable (que non museística, como alega a Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional), conforme ao marco xurídico da actual lexislación vixente en materia de museos. Pola contra, o resto de colección non acadaron ese recoñecemento. Xa que logo, por coherencia coa terminoloxía e co marco xurídico en materia de museos e tamén por coherencia coa terminoloxía que emprega o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, incorpóranse ao previsto pola disposición adicional segunda do anteproxecto "os espazos museísticos de temática educativa".

**5. CONCLUSIÓN FINAL**

Á vista do que antecede, as distintas alegacións e achegas formuladas no marco da tramitación que queda descrita serven, sen dúbida, para mellorar e enriquecer o resultado final desta norma, respecto da cal se procurou en todo momento, mesmo con carácter previo ao inicio da súa tramitación oficial, que fose un texto traballado e consensuado co sector museístico de Galicia a través do grupo de traballo que se constituíu para estes efectos o paso mes de marzo, tal como queda exposto nesta memoria.

Esta participación directa do propio sector museístico, sobre todo na fase de redacción do texto da norma serviu, sen dúbida, para tomar o pulso da situación e dos intereses do sector na nosa



CVE: bfAA444vI5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia
Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n
15707 - Santiago de Compostela



Comunidade Autónoma nos tempos actuais. Isto permitiu unha mellor orientación dos contidos da que será  a primeira regulación legal específica sobre os centros museísticos de Galicia.

Santiago de Compostela

O director xeral de Políticas Culturais,

Anxo M. Lorenzo Suárez

**Asinado por:** LORENZO SUAREZ, ANXO MANUEL
**Cargo:** Director Xeral
**Data e hora:** 14/10/2019 09:19:02

**CVE:** btAA444vI5
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve